

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Significado e discurso do primeiro idioma estranxeiro: Inglés				
Materia	Significado e discurso do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01606			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Rama Martínez, María Esperanza			
Profesorado	Rama Martínez, María Esperanza			
Correo-e	erama@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Curso introdutorio aos problemas de formalización do significado na comunicación oral e escrita en lingua inglesa: Semántica e Pragmática.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C117	Adquirir fundamentos teóricos da pragmática, semántica e da análise do discurso oral nas principais paradigmas de explicación lingüística.

C118	Identificar, entender e describir as unidades de análise semántico, pragmático e do discurso oral das mínimas ás máis complexas.
C119	Dominar as técnicas e métodos de análises tanto semántico, pragmático como do discurso oral.
C120	Deducir regras e características propias a cada texto a nivel semántico, pragmático e do discurso oral.
C121	Reflexionar sobre os distintos significados dos anunciados en contextos específicos e sobre os elementos que participan no seu signicado.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquisición dos principios teóricos da semántica e da pragmática.	A1 A3 A5	B1 B3 B4 B5 B13	C117
Adquisición das técnicas e métodos da análise semántica e pragmática.	A1 A2 A5	B4 B5	C118 C119
Capacidade de analizar textos ao nivel semántico e pragmático.	A2 A3 A5	B4 B5	C119 C120
Capacidade de reflectir sobre o significado en contexto.	A2 A3 A5	B5 B6 B8	C121
Desenvolvemento dos hábitos de manexo de recursos bibliográficos e electrónicos pertinentes para a investigación lingüística.	A1 A5	B4	C119

Contidos

Tema	
1. Introduction	1.1. Human communication and functions of language 1.2. Linguistics and meaning 1.3. Grammar and semantics 1.4. Lexical and syntactic ambiguity 1.5. The Semantics-Pragmatics boundary in Linguistics
2. Meaning and discourse	2.1. The meaning of "meaning" 2.2. Types of meaning: Natural vs. non-natural; intentional vs. unintentional; coded vs. non-coded; linguistic vs. non-linguistic; metalinguistic; paralinguistic; contextual 2.3. Classes of context: Physical, linguistic, social and situational, shared and mutual 2.4. Types of deixis: Person, space, time, social, discourse, gestural and symbolic
3. Semantics	3.1. Introduction: Field, Semantic Feature Analysis 3.2. Lexical semantics: Reference, sense, categories and prototypes, semantic frames, and denotation and connotation 3.3. Meaning relations: Types of relations; polysemy and homonymy; semantic relations: synonymy, antonymy, hyponymy and hyperonymy, and meronymy 3.4. Literal vs. non-literal meaning: figurative meaning, metaphor, metonymy, synecdoche 3.5. Propositional semantics: Proposition, entailment, equivalence, propositional disambiguation, inference, enrichment, fallacies
4. Pragmatics	4.1. Introduction: Field and basic concepts 4.2. Pragmatics and cognition: Explicit, presupposed and implied meaning 4.3. Grice's theory of implicature, Relevance Theory 4.4. Speech Act Theory: Austin's theory, Searle's theory, direct and indirect speech acts 4.5. Politeness strategies: Face, face-threatening acts, the Politeness Principle, face-saving strategies 4.6. From Pragmatics to Discourse Analysis

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	25	25	50
Seminario	4	4	8

Resolución de problemas	20	25	45
Exame de preguntas obxectivas	2	42	44
Observación sistemática	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, así como a presentar a materia (obxectivos, contidos e sistema de avaliación).
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos teóricos da materia seguindo o temario.
Seminario	Orientación xeral para a resolución de actividades/ problemas/exercicios, revisión de conceptos, resolución de dúbidas, explicación de cuestións de carácter metodolóxico, etc., é dicir, asesoramento sobre as actividades e contidos da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	Exercicios e actividades de aplicación, análise, elaboración e/ou síntese dos conceptos básicos tratados nas sesións maxistrais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho do profesorado durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma MooVi de teledocencia, o correo electrónico e o despacho virtual do Campus Remoto). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas cos contidos teóricos da materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho do profesorado durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma MooVi de teledocencia, o correo electrónico e o despacho virtual do Campus Remoto). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa resolución de problemas, exercicios e/ou actividades, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Resolución de actividades/exercicios/problemas que o profesorado solicite realizar dentro ou fóra da aula e mande entregar, con ou sen previo aviso.	25	A2 A3	B6 B8	C119
Exame de preguntas obxectivas	Dous exames parciais correspondentes aos contidos teórico-prácticos da materia.	65	A1 A3 A5	B3 B5	C117
Observación sistemática	Participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais: atención, comentarios e preguntas ao fío das explicacións e realización das actividades encomendadas. O profesorado recompilará esta información por medio de observación sistemática nas sesións presenciais.	10	A1 A3	B1 B3 B4 B6 B8 B13	C118 C119 C120

Outros comentarios sobre a Avaliación

(A) PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (MAIO)

1a)Avaliación continua

Para a avaliación continua computarán os seguintes parámetros obrigatorios (entre parénteses figuran as porcentaxes equivalentes da cualificación final):

(1) Participación activa nas sesións presenciais (ata 10%). Aínda que non existe obriga de presencialidade, valorarase positivamente a asistencia ás sesións presenciais.

(2) Actividades puntuais (25%): resolución de exercicios, problemas ou actividades que o profesorado solicite realizar dentro ou fóra da aula e mande entregar, con ou sen previo aviso. A non entrega dunha actividade en tempo e forma puntuará como cero.

(3) Dous exames parciais (65%), que puntuarán un 32,5% cada un, sobre os contidos teóricos e prácticos da materia, incluíndo as lecturas obrigatorias. O primeiro abarcará os 2 primeiros temas e terá lugar en clase unha ou dúas semanas inmediatamente posterior á finalización do tema 2; a data exacta será acordada co alumnado en clase. O segundo exame, correspondente aos restantes 2 temas, terá lugar no día, hora e lugar establecidos no calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade. Os exames serán recordados a través da plataforma MooVi e na aula coa debida antelación.

É requisito para superar a avaliación continua acadar unha nota de alomenos 5/10 en cada un dos dous exames parciais. Excepcionalmente admitirase unha nota algo máis baixa de 5 nun dos exames se a/o alumna/o acada unha nota alta no outro exame que a compense. De non cumplirse este requisito, non se aprobará a materia aínda que a nota media dos tres parámetros sexa 5 ou superior.

1b) Avaliación única

O alumnado que non poida seguir a avaliación continua deberá comunicarllo ao profesorado nos 15 primeiros días do curso. Estas/es alumnas/os serán avaliados/as en base a un único exame final que computará coma o 100% da cualificación. O exame abarcará todos os contidos teóricos e prácticos explicados ao longo do curso. A celebración do exame único terá lugar na data oficial do exame aprobada en Xunta de Facultade. A data, hora e lugar serán recordados a través da plataforma Faitic coa debida antelación.

(B) **SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO/XULLO)**

O alumnado que non supere a avaliación na primeira edición de actas deberá presentarse á segunda edición de actas de xuño/xullo, na que será avaliado do programa completo en base a un único exame final. O devandito exame abarcará todos os contidos teóricos e prácticos explicados ao longo do curso e computará como o 100% da cualificación. No caso de que a/o alumna/o teña superado un dos dous exames parciais realizados para a primeira edición de actas cunha cualificación de 5/10 ou superior, gardaráselle a nota dese exame parcial para a convocatoria de xuño/xullo e só terá que examinarse dos contidos correspondentes ao exame parcial suspenso. O exame terá lugar na data oficial aprobada en Xunta de Facultade.

NOTAS

En caso de calquera tipo de plaxio, a cualificación será de suspenso. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao/á alumno/a da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Culpeper, Jonathan and Michael Haugh, **Pragmatics and the English Language**, Palgrave Macmillan, 2014

Cummins, Chris, **Pragmatics**, Edinburgh UP, 2019

Cruse, Alan, **A Glossary of Semantics and Pragmatics**, Edinburgh UP, 2006

Cruse, Alan, **Meaning in Language. An Introduction to Semantics and Pragmatics, 3rd ed.**, OUP, 2011

Cutting, Joan, **Pragmatics. A Resource Book for Students, 3rd ed.**, Routledge, 2015

Griffiths, Patrick and Chris Cummins, **An Introduction to English Semantics and Pragmatics, 2nd ed.**, Edinburgh UP, 2017

Huang, Yan, **Pragmatics, 2nd ed.**, Oxford University Press, 2014

Lyons, John, **Linguistic Semantics. An Introduction**, CUP, 1995

O' Keeffe, Anne, Clancy, Brian and Svenja Adolphs, **Introducing Pragmatics in Use**, Routledge, 2019

Saeed, John. I., **Semantics, 4th ed.**, Wiley Blackwell, 2016

Valenzuela, Javier, **Meaning in English. An Introduction**, CUP, 2017

Yule, George, **Pragmatics. An Introduction**, OUP, 1996

Bibliografía Complementaria

Allan, Keith and Kasia M. Jaszczolt (eds), **The Cambridge Handbook of Pragmatics**, CUP, 2012

Brinton, Laurel J. and Donna M. Brinton, **The Linguistic Structure of Modern English**, John Benjamins, 2010

Cummings, Alan, **Meaning in Language**, OUP, 2011

Hilpert, Martin, **Construction Grammar and its Application to English**, Edinburg UP, 2019

Horn, Laurence R. and Gregory Ward (eds), **The Handbook of Pragmatics**, Basil Blackwell, 2006

Howard, Gregory, **Semantics**, Routledge, 2000

Maienborn, Claudia, Klaus Heusinger and Paul Porter (eds), **Semantics. Theories**, Mouton de Gruyter, 2019

Sperber, Dan and Deirdre Wilson, **Relevance: Communication and Cognition**, Basil Blackwell, 1995

Stilwell, Peccei, Jean, **Pragmatics**, Routledge, 1999

Wilson, Deirdre and Dan Sperber, **Meaning and Relevance**, CUP, 2012

Course lecturers, **Complete bibliography list for the 2020-21 academic year available on MooVi**, Faitic Tema,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Análise de textos escritos/orais do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01907
Discurso oral do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01901

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01402
Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403
Pronunciación do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01303
Adquisición e aprendizaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01501
Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés/V01G180V01503

Outros comentarios

Para un excelente aproveitamento das leccións maxistrais é recomendable que o alumnado teña feitas as lecturas obrigatorias antes de cada sesión para asimilar mellor os contidos que se van explicar e expor posibles dúbidas ou facer comentarios ao respecto.

Para a resolución de exercicios e outras actividades prácticas é imprescindible ter feitas as lecturas obrigatorias correspondentes así como revisado as notas das clases maxistrais.

Tanto para seguir as clases maxistrais como para a resolución de actividades prácticas recoméndase non só a consulta do libro de texto recomendado senón tamén a consulta de fontes bibliográficas complementarias. Todas elas están a disposición do alumnado na biblioteca.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MooVi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Competencias previas desexables:
- Bo coñecemento da lingua inglesa (nivel C1).
- Uso dos diferentes recursos que ofrece a Biblioteca.
- Manexo básico de ferramentas informáticas e Internet.

Para a consecución destas competencias previas recoméndase a asistencia a sesións formativas especializadas.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de actividade ou exame suporá un cero nesa actividade, proba/exame. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá á/ao alumna/o da súa responsabilidade neste aspecto.

Durante as clases presenciais, o alumnado non poderá utilizar dispositivos móbiles (iPhone, tableta, PDA ou similares) nin computadores, a non ser que a docente permita ou requira a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.

Cómpre lembrar ao alumnado que debe respectar os dereitos de autor, tanto dos libros utilizados como apoio á docencia coma dos materiais orixinais elaborados e facilitados pola docente na aula ou a través da plataforma de apoio á docencia.

Recoméndase ao alumnado de intercambio interesado en cursar esta materia ter un dominio da lingua inglesa alomenos correspondente ao nivel C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen

Mantéñense as 4 metodoloxías docentes especificadas para a docencia presencial (actividades introdutorias, lección maxistral, resolución de problemas e seminario).

* Metodoloxías docentes que se modifican

Aínda que se manteñen todas as metodoloxías, a implementación das mesmas, agás das prácticas autónomas a través das TIC, modificarase para adaptalas á modalidade de docencia virtual, como segue:

Actividades introdutorias: Realizadas de forma síncrona a través da aula virtual do Campus Remoto e postas a disposición do alumnado mediante gravación das mesmas para poder seguir a docencia de forma asíncrona.

Leccións maxistrais: Realizadas de forma síncrona a través da aula virtual do Campus Remoto e postas a disposición do alumnado para consulta asíncrona mediante gravación das mesmas a través do Campus Remoto, e/ou mediante presentacións de powerpoint en formato pdf e/ou formato mp4 a través de MooVi.

Resolución de problemas: Tarefas realizadas polo alumnado individualmente e/ou en parellas de forma síncrona a través da aula virtual do Campus Remoto e/ou MooVi, e/ou de forma asíncrona subindo as resolucións ao portafol persoal de cada alumna/o en MooVi. No caso de realizarse de xeito asíncrono, comentarase a resolución das devanditas tarefas na(s) seguinte(s) sesión(s) síncronas na aula virtual e/ou faranse accesibles as solucións a través de MooVi en modalidade asíncrona, ben mediante un documento pdf ou dunha gravación en mp4.

Seminario: Impartirase de forma síncrona a través da aula virtual do Campus Remoto e/ou a través de MooVi mediante grabación e/ou documentos Word/pdf. O alumnado disporá tamén dun foro en MooVi para formular calquera consulta relativa ao proceso de aprendizaxe (dúbidas relacionadas coa resolución de actividades, revisión de conceptos, cuestión metodolóxicas, avaliación, etc.).

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

O alumnado contará coa atención personalizada durante o horario de titorías a través do despacho virtual do Campus Remoto, e de forma asíncrona a través do foro e chat da plataforma MooVi, e do correo electrónico.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non procede.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

A bibliografía adicional facilitarase en formato pdf a través de MooVi ou a través de enlaces a páxinas web.

* Outras modificacións

Non hai.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas pendentes que se manteñen

Manteranse as seguintes probas:

- Resolución de problemas [peso anterior = 25%] [peso proposto = 40%]
- Exame de preguntas obxectivas [peso anterior = 65%] [peso proposto = 60%]

* Probas que se modifican

Desaparece a proba de observación sistemática [peso anterior = 10%]. O seu peso pasa a incrementar o peso da proba de "resolución de problemas" (ver apartado anterior).

Redúcese o peso do "exame de preguntas obxectivas" (ver apartado anterior).

* Novas probas

Ningunha.

* Información adicional

Coa excepción das modificacións arriba reseñadas, os criterios de avaliación e os requisitos para aprobar a materia seguen a ser os mesmos ca os indicados na guía para a docencia presencial.

=== MODALIDADE MIXTA ===
Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.